Galicia-Hoxe.com

Recuperar a memoria

16.07.2007 **Hoxe comeza na facultade de Historia un encontro sobre a represión franquista con expertos como E. Grandío, Dionisio Pereira ou Santiago Macías**

MARÉ . SANTIAGO

Hoxe comeza o *Encontro de grupos de investigación: Memoria e Historia*, unhas xornadas organizadas polo proxecto de investigación interuniversitario *As vítimas, os nomes e as voces*. Este encontro estenderase ata o mércores e nel participarán diferentes grupos e especialistas no Franquismo, na represión e na recuperación da memoria histórica.



Emilio Grandío, Santiago Macías e Dionisio Pereira intervirán neste proxecto interuniversitario

Durante os tres días que vai durar esta xuntanza tocaranse temas relacionados cos estudos e as actividades que se están a levar a cabo dende hai anos para sacar á luz a parte da historia do país que ten como protagonistas aos represaliados da guerra civil. Nos últimos tempos existen numerosos proxectos de investigación e de cuantificación de vítimas elaborados nas distintas provincias do Estado, polo que o volume de información comeza a ser difícil de abarcar. Así, este encontro servirá para dar a coñecer as distintas vías de traballo e documentación e para crear un interese xeneralizado ao redor dos estudos sobre a Guerra Civil e a ditadura franquista.

Estas xornadas van dividirse nunha serie de obradoiros para poñer en común os distintos proxectos e abordar os mesmos dende unha perspectiva dobre: tanto de recoñecemento e desenvolvemento da investigación, como de tentar solventar un dos seus problemas, xa que a represión non coñece fronteiras provinciais nin de comunidades autónomas.

A conselleira de Cultura, Ánxela Bugallo, será a encargada de inaugurar este encontro ás 10 da mañá, na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela. Ao acto de inauguración tamén asistirán os coordinadores das xornadas Lourenzo Fernández Prieto e Emilio Grandío. A continuación terá lugar a primeira das charlas, ás 11 da mañá. Nesta primeira xornada abordaranse os temas da Memoria, as vítimas e o traballo de documentación.

PARTICIPANTES

Especialistas de todo o país

Os grupos e personalidades invitadas son ao encontro "Historia e memoria" son: O proxecto "Todos os Nomes" de Andalucía, o proxecto sobre a represión da Universidade de Oviedo, a dirección xeral da Memoria da Generalitat de Catalunya, a Asociación de Recuperación da Memoria Histórica, o Foro pola Memoria de Madrid e o Proxecto Canal dos presos de Sevilla.

Tamén participaran as doutoras e especialistas na represión franquista Ángela Cenarro e Conxita Mir, o médico forense Fernando Serrulla, a videoartista María Ruido, a editora de Edicións do Castro Charo Portela e un dos responsables do departamente de Fonts Orals de l"Arxiu Històric de la Ciutat de Barcelona, Lluís Ubeda. Xunto a eles tamén estará o Investigador Principal do proxecto, Lourenzo Fernández Prieto e os coordinadores Emilio Grandio, Dionisio Pereira e Xurxo Pantaleón. Os obradoiros terán lugar os tres días en dúas quendas: ás 11 e as 16:30 h.